



CIF: P-3202500-

Ayuntamiento de Celanova

ALCALDÍA

Plaza mayor, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – ayuntamiento.celanova@eidolocal.es

BASES XERAIS E ESPECÍFICAS PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO DUN/DUNHA TRABALLADOR/A DESEMPREGADO/A PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, POLO SISTEMA DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

A) BASES XERAIS.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1. É obxecto da presente convocatoria a contratación laboral temporal a tempo completo dun/dunha traballador/a desempregado/a para a realización da obra/servizo “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”, cunha duración ata o 29 de decembro de 2015, ó abeiro da ORDE do 9 de xullo de 2014, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014.

2.- A contratación laboral temporal a tempo completo para obra ou servizo determinado, en xornada de oito (8.-) horas diarias, coa categoría de axente de emprego e desenvolvemento local, cunha duración de un (1.-) ano e unha retribución de MIL TRESCENTOS VINTE E SETE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS DE EURO (1.327,10 €) MENSUAIS BRUTOS, incluíndo a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais, suxeitaranse ó previsto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións de aplicación.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.

1.- Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, ademais dos que se establezan nas respectivas bases específicas para o ingreso no posto de traballo convocado:

a) Ser español/a ou cidadán/a dun Estado membro da Unión Europea, Reino de Noruega ou República de Islandia, nos termos da Lei 17/93, do 22 de Decembro, modificada pola Lei 55/99, do 29 de Decembro. Tamén poderán participar os que non sendo españolas ou nacionais dun estado membro da Unión Europea, encóntrense en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lles habilite para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral, conforme ao establecido na Lei Orgánica 4/2000 do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, modificado por L.O. 8/2000 do 22 de decembro e no Regulamento de Execución da L.O. 4/2000.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado o inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Posuír a titulación esixida. Enténdese que se está en posesión da titulación esixida cando se tiveran aboado os dereitos correspondentes para a súa expedición.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá acreditarse que se está en posesión da correspondente homologación expedida polas autoridades educativas pertinentes. A posesión da titulación acreditarase coa presentación do título expedido ou do xustificante de ter pagado as taxas correspondentes para a súa expedición para o caso de non se ter esta realizada no momento da presentación da solicitude.

f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.

2.- Os anteriores requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de obra/servizo (interese social).

TERCEIRA.- PRESENTACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO.

O Concello de Celanova solicitará o traballador e a traballadora que se necesita mediante a presentación de oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Celanova, no modelo normalizado para o efecto.

A selección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se insertará no taboleiro de edictos do concello cunha antelación dun día hábil, unha vez se reciba a contestación á oferta pública de emprego enviada á Oficina Pública de Emprego de Celanova, e terá lugar unicamente entre os/as candidatos/as propostos por esta.

A remisión de novos candidatos só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta ou por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.



CIF: P-3202500-

Ayuntamiento de Celanova

ALCALDÍA

Plaza mayor, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – ayuntamiento.celanova@eidolocal.es

O día da selección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia, título académico requirido nas bases específicas e a documentación acreditativa dos méritos que reúnan.

CUARTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

- Presidente: a técnico de administración xeral do Concello de Celanova.
- Vogais: tres funcionarios ou persoal laboral do concello ou doutros concellos.
- Secretario: o da corporación ou funcionario en quen delegue, con voz pero sen voto.

Seralle de aplicación ós tribunais o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

QUINTA.- CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS.

O procedemento de selección será o concurso de valoración de méritos e consistirá na comprobación e cualificación dos méritos dos/as aspirantes.

SEXTA.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematada a cualificación, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes e a proposta á Alcaldía da contratación daquella que obtivera a máxima puntuación.

Os que dentro do prazo sinalado polo concello, e salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou desta deducísese que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

En caso de que a persoa seleccionada non aceptase o posto de traballo, sen máis trámite será ofertada a quen lle siga en puntuación e se tampouco aceptase, adoptárase o mesmo procedemento cos seguintes ata que o posto quede cuberto.

A proposta elevada polo Tribunal Calificador terá tamén a consideración de Bolsa de Emprego para futuras contratacións cando as necesidades do servizo o requiran.

A contratación laboral temporal queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento municipal para o exercicio 2015 para financiar as obrigas derivadas do contrato laboral.

SÉTIMA.- INCIDENCIAS.

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso de valoración de méritos en todo o non previsto nas bases.

B) BASES ESPECÍFICAS.

UN/UNHA (1.-) TRABALLADOR/A A TEMPO COMPLETO PARA A OCUPACIÓN DE AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL PARA A REALIZACIÓN DA OBRA/SERVIZO “AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL”.

PRIMEIRA.- NÚMERO DE TRABALLADORES A CONTRATAR, CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO E COMETIDOS.

1.- NÚMERO DE TRABALLADORES/AS A CONTRATAR: UN/UNHA (1.-).

2.- CARACTERIZACIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO

TIPO DE CONTRATO	OCUPACIÓN	RETRIBUCIÓN SALARIAIS MENSUAIS (incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e demais complementos salariais)	TIPO DE XORNADA	DURACIÓN DO CONTRATO
Obra ou servizo (Interese Social)	Axente de emprego e desenvolvemento local	1.327,10 €	Xornada completa	Ata o 29/12/2015

3.- COMETIDOS: son cometidos a realizar polo/a traballador/a os especificados na ORDE do 9 de xullo de 2014 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2014 e as demais funcións propias dun axente de emprego e desenvolvemento local.

SEGUNDA.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.



CIF: P-3202500-

Ayuntamiento de Celanova

ALCALDÍA

Plaza mayor, 1 – 32.800 Celanova (Ourense)

Tfno.: 988.431481/431487 – ayuntamiento.celanova@eidolocal.es

Ademais das condicións xerais sinaladas na base segunda das bases xerais os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- Ter superado con éxito os estudos de segundo ou primeiro ciclo de educación universitaria. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse no seu día certificado para o efecto da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

SEGUNDA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o concurso de valoración de méritos.

TERCEIRA.- DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS, MÉRITOS A VALORAR E CUALIFICACIÓN.

O tribunal seleccionará ós/ás aspirantes propostos pola Oficina Pública de Emprego de Celanova en contestación á oferta de emprego presentada con suxeición ás seguintes bases específicas:

FASE DE CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS.

Os méritos a valorar polo tribunal serán os seguintes:

1.-.Experiencia profesional: ata 4 puntos.

- a) Por cada mes no desempeño do posto de traballo como axente de emprego e desenvolvemento local en institucións públicas ou privadas, 0,20 puntos/mes, ata un máximo de 4 puntos.
- b) Por cada mes no desempeño do posto de traballo distintos de axente de emprego e desenvolvemento local en institucións públicas ou privadas, relacionados con programas e accións dirigidos á inserción laboral de persoas desempañadas en xeral e daquelas con especiais dificultades (xoves, mulleres, maiores de 45 anos, inmigrantes ou persoas con discapacidade), tales como técnicos de orientación laboral, técnicos locais de emprego, etc. 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 4 puntos.

Esta experiencia deberá acreditarse mediante contrato de traballo, certificado de empresa ou club, informe de Vida Laboral expedido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social - este documento, por si só, non acredita a categoría profesional ostentada- ou calquera

outro documento que acredite fehacientemente ter prestado servizos como monitor de fútbol/fútbol sala.

No caso de non ter completado un mes de traballo valorarase a parte proporcional dos días completos traballados.

2.- Formación complementaria: ata 2 puntos

Cursos monográficos de desenvolvemento local.

3.- Coñecementos de informática debidamente acreditados: 1,00 punto.

4.- Coñecemento do idioma galego: 1 punto.

Acreditarase mediante a presentación do CELGA 4 ou equivalente.

Celanova, 5 de febreiro de 2015

O alcalde

José Luis Ferro Iglesias

DILIXENCIA.- Poñoa eu, secretario, para facer constar que as presentes bases foron aprobadas en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de febreiro de 2015.

Celanova, 9 de febreiro de 2015

O secretario

Alejandro Martínez Sánchez